

## Palabras con ll e i

Hai que lembrar que palabras se escriben con **ll** e que palabras se escriben con **i**, pois soan moi parecido.



8. Completa as palabras seguintes con **ll** ou **i**:

ma.....úscula      pa.....aso      pa.....a  
 ma.....o      bara.....a      pra.....a  
 abe.....a      espe.....o      ove.....a



9. Le as palabras e escribe que representa cada cor:

a  o	ra  a	esca  ola	 ate
ma  onesa	burbu  a	 oga	fo  axe
estropa  o	ore  a	guede  a	agu  a

10. Escribe oracións con palabras da actividade anterior:

.....  
 .....

11. Atopa as palabras que rimen e cópiaas:

coello    folla    aparello    parella    ollo  
 medalla    piollo    ovella    paolla    muralla



.....  
 .....

### Escribimos debuxando

Repara nos debuxos e fai o teu debuxo. Despois ensínallelo aos compañeiros e compañeiras.



Entra no Ximnasio e practica máis exercicios deste apartado!



- Prepara o ditado. Conta as palabras que ten cada oración:

Amaia tivo un pesadelo: estaba no faiado e vía unhas abellas que ían atacar as ovellas que ten o seu avó. Entón, ela lanzábase do faiado e voaba coa súa saia vermella.



- Ditado. Escribe o que escoitas.



## As palabras compostas

As **palabra compostas** son a unión de dúas palabras simples.



quebra + noces =  
quebranosces



para + sol =  
parasol



xira + sol =  
xirasol

12. Rodea as palabras compostas do texto:

Cando saímos da autoestrada para arranxar o parachoques fomos por unha estrada na que vimos un barco gardacosta no mar con moitos salvavidas. Na praia había tres parasoles.

13. Escribe oracións coas palabras compostas da actividade anterior:

.....

.....

.....

.....

.....

14. Relaciona para formar palabras compostas. Despois escríbeas ao lado:

- |       |        |   |       |
|-------|--------|---|-------|
| auto  | noite  | → | ..... |
| para  | augas  | → | ..... |
| monta | neve   | → | ..... |
| media | ventos | → | ..... |
| papa  | cargas | → | ..... |
| auga  | vía    | → | ..... |



15. A primeira e a segunda parte destas palabras compostas mesturáronse. Ordénaas para formar as palabras correctas e escríbeas:

- |       |      |      |         |      |        |
|-------|------|------|---------|------|--------|
| creba | ruxe | raña | cabezas | ani  | caídas |
| medio | novo | ruxe | ceos    | para | día    |

.....

.....

.....

Entra no Ximnasio e practica máis exercicios deste apartado!



- Pensa catro palabras compostas e escribe unha oración con cada unha.



Caderno

## As cancións

As **cancións** son composicións poéticas con música. Normalmente teñen unha parte que se repite que se chama **refrán**.

### Fun ao mercado

Fun ao mercado comprar café  
veu a formiguiña e picoume no pé.  
Eu sacudín, sacudín, sacudín,  
mais a formiguiña non paraba de subir.

Fun ao mercado comprar champú  
veu a formiguiña e picoume no cu.  
Eu sacudín, sacudín, sacudín,  
mais a formiguiña non paraba de subir.

Fun ao mercado comprar azafrán  
veu a formiguiña e picoume na niña man.  
Eu sacudín, sacudín, sacudín,  
mais a formiguiña non paraba de subir.

Fun ao mercado comprar lentellas  
veu a formiguiña e picoume nas orellas.  
Eu sacudín, sacudín, sacudín,  
mais a formiguiña non paraba de subir.

María FUMAÇA (fragmento).



Para escoitar a canción "Fun ao mercado", entra en: [www.tiching.com/124176](http://www.tiching.com/124176)

16. Que compran no mercado?

.....

17. Le o seguinte arrolíño popular e cantádeo na clase:

### Arrolíño

Esta meniña ten sono,  
ten ganas de durmir;  
ten un olliño pechado,  
o outro non o pode abrir.  
Durme, durme, durme.

O mar sírvache de cama,  
o ceo de cobertor,  
e a lúa de cabeceira  
para que durmas mellor.  
Durme, durme, durme.

Non te troco, miña nena,  
non te troco, meu amor,  
nin pola prata da lúa,  
nin polo ouro do sol.  
Durme, durme, durme.

Durme, durme, miña rula,  
durme, durme no teu berce,  
que xa saen as estreliñas  
para veren se adormeces  
Durme, durme, durme.



- Que outras cancións populares sabes? Escribe o título de tres delas.
- Pensa nunha canción que cantes moito e escribe a primeira parte e o refrán.



Caderno



## Os xogos populares

Xogar é unha actividade moi boa para crecer e aprender. Hai xogos de todos os tipos: de competición, de táctica, de aprendizaxe...

E tamén existen os xogos populares que hai moitos anos que se xogan. En grupos de catro, elixide un dos xogos e pensade como explicar o funcionamento.



O xogo do pano



A mariola



A pita cega

Como explicamos un xogo?  
Para facelo temos que indicar:

- Cantos xogadores poden xogar?
- Que material se necesita?
- Hai equipos?
- Onde se pode xogar?
- Como empeza? Como se desenvolve?
- Como se sabe quen gana?



## Que aprendín?



1. Colorea as partes da pelota de verde se o aprendiches e sabes facelo e de amarelo se aínda tes que practicar:

Identifico os pronomes persoais dunha oración.

Podo indicar cando unha palabra é grave.

Sei escribir correctamente palabras con ll ou i.

Sei a letra e podo cantar cancións populares.

Distingo as palabras simples que forman as palabras compostas.

2. Despois do tema, a que xogos tes ganas de xogar cos teus compañeiros e compañeiras?

.....

.....